

## **ORDENANZA FISCAL Nº 1, REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN OU EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por tramitación ou expedición de documentos administrativos a que se refire o artigo 20.4 a) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, por instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2. Para estes efectos, entenderase tramitada por instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase unha solicitude expresa do interesado

3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais fronte a este municipio, así como as consultas tributarias, as solicitudes de devolución de ingresos indebidos, e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole. Tampouco estará suxeita a expedición de certificados esixidos polas administracións públicas na tramitación de expedientes para a concesión de axudas á adquisición ou rehabilitación de vivendas, pensións non contributivas, xustiza gratuíta, internamento en centros de acollida e outros beneficios asistenciais de carácter social.

### **ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.**

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria

### **ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.**

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cós expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais

### **ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.**

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos que se vaian tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. Nas instancias nas que se solicite a tramitación de instrumentos de planeamento, a cota calcularase en función do aproveitamento lucrativo asignado ao polígono. Nas solicitudes presentadas para executar proxectos de urbanización, calcularase en función do orzamento de execución material das obras. Nas licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables e permisos, a cantidade que hai que aboar fixarase en función dos dereitos que correspondan na ordenanza correspondente.

### **ARTIGO 6. TARIFAS.**

## TARIFAS

1	Tarifa xeral:	
1.1	Planos e documentos técnicos	
	Das copias de planos existentes en calquera dependencia municipal, segundo formato:	
1.1.1	Planos tamaño DIN A-4.....	1,47
1.1.2	Planos tamaño DIN A-3.....	3,00
1.1.3	Planos tamaño DIN A-2.....	5,94
1.1.4	Planos tamaño DIN A-1.....	11,94
1.1.5	Planos tamaño maior que DIN A-1.	22,56
1.1.6	Planos dixitalizados editados en serie...	68,87
1.2	Anuncios	
1.2.1	Carteis de calquera clase, non permanentes, expostos ao público	0,09
1.2.2	Anuncios, en iguais circunstancias, distribuídos en man	0,81
1.3	Antecedentes e outros:	
1.3.1	Por procura, busca ou cotexo de documentos e/ou expedientes finalizados	
1.3.1.1	ata cinco anos de antigüidade	4,18
1.3.1.2	de 5 a 10 anos de antigüidade	5,74
1.3.1.3	de 10 a 15 anos de antigüidade	7,29
1.3.1.4	de 15 a 20 anos de antigüidade	8,85
1.3.1.5	de 20 a 25 anos de antigüidade	10,40
1.3.1.6	de máis de 25 anos de antigüidade, por cada 5 anos ou fracción de exceso	1,56
1.3.2	Por verificación de poderes e autorización	6,56
1.3.3	Por exame ou cotexo de documentos nos cambios de titularidade de mausoleos, panteóns, sepulturas, nichos e cinceiros:	
1.3.4.1	Cando sexan de transmisión directa	13,28
1.3.4.2	Nos demais casos	14,42
1.4	Certificacións e copias:	
1.4.1	Certificacións municipais n.c.o.e	2,58
1.4.2	Certificacións municipais obtidas a través da páxina web	0,00
1.4.3	Copias de documentos incorporados a expedientes administrativos, compulsas, así como outros documentos, en xeral n.c.o.a.de ata 5 fotocopias DIN A4, por documento ou documentos que esixan fotocopias con outro formato	1,55
1.4.4	Copias de documentos incorporados a expedientes administrativos, compulsas, así como outros documentos, en xeral n.c.o.a.de mais de 5 fotocopias DIN A4, por documento ou documentos que esixan fotocopias con outro formato	3,00
1.4.5	Copias de planos de proxectos técnicos incorporados expedientes administrativos ou compulsas, por plano, cando se fotocopie o proxecto completo	2,58
1.4.6	Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais, por instancia de parte	28,83
1.4.7	Certificacións de cualificación urbanística, servizos urbanísticos, auga, rede de sumidoiros, alturas, sinalización de liña e outros análogos	28,83
1.4.8	Certificacións de acordos da Corporación	14,94
1.4.9	Certificacións de informacións testificais feitas na Alcaldía	14,94
1.4.10	De cada documento que a Alcaldía vise ou legalice coa súa sinatura	9,66
1.4.11	Documentos análogos non comprendidos nos apartados anteriores, incluíndo os visados e demais actuacións que teñan que producir efectos ante terceiros	6,28
1.4.12	Expedición, por instancia de particulares interesados, de copias de atestados policiais, tanto en papel como vía telemática.	52,72
1.4.13	Expedición, a instancia de particulares interesados, de copias de informes de accidentes de tráfico, tanto en papel como vía telemática	30,90
1.5	Instancias:	
1.5.1	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite licenza, comunicacións previas ou declaracións responsables de obras de nova planta, por construción ou reforma, así como licenza de demolición	28,83

1.5.2	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite licenza, comunicacións previas ou declaracións responsables de obras de tramitación abreviada (obras menores)	6,56
1.5.3	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite licenza comunicacións previas ou declaracións responsables para verificar movementos de terra, escavacións, desmontes e outras análogos	28,83
1.5.4	En cada instancia en que se solicite o cerramento de predios ou valado de soares e obras	7,94
1.5.5	En cada instancia que se dirixa ás autoridades municipais na que se solicite a apertura de establecementos, ou variación de outras circunstancias que non impliquen a realización da obra	16,89
1.6	Cemiterios:	
1.6.1	Nos títulos acreditativos de propiedade:	
1.6.1.1	De panteóns	100,44
1.6.1.2	De sepulturas subterráneas	14,94
1.6.1.3	De nichos	6,56
1.6.1.4	De cinceiros	2,52
1.6.2	En resolucións de cambio de titularidade de panteóns:	
1.6.2.1	Por venda ou cesión	59,67
1.6.2.2	Por herdanza	20,89
1.6.3	En resolucións de cambio de titularidade de sepulturas subterráneas:	
1.6.3.1	Por venda ou cesión	15,89
1.6.3.2	Por herdanza	2,62
1.6.4	En resolucións de cambio de titularidade de nichos:	
1.6.4.1	Por venda ou cesión	15,89
1.6.4.2	Por herdanza	2,62
1.6.5	En resolucións de cambio de titularidade de cinceiros:	
1.6.5.1	Por venda ou cesión	6,56
1.6.5.2	Por herdanza	2,62
1.7	Licenzas comunicacións previas ou declaracións responsables e permisos.	
1.7.1	Nas licenzas comunicacións previas ou declaracións responsables e permisos de calquera clase, sen prexuízo dos dereitos da correspondente ordenanza, adheriranse selos de acordo coa seguinte escala:	
1.7.1.1	Ata 30,05 euros de dereitos	5,61
1.7.1.2	De 30,06 a 60,10 euros de dereitos	11,28
1.7.1.3	De 60,11 a 150,25 euros de dereitos	22,56
1.7.1.4	De 150,26 a 300,51 euros de dereitos	56,34
1.7.1.5	Máis de 300,51 euros de dereitos, cada 30,05 euros ou fracción de exceso	0,79
1.7.2	Licenzas para vehículos da clase A (autotaxis)	143,50
1.7.3	Licenzas para vehículos da clase C (servizos especiais de aboamento)	143,50
1.7.4	Licenzas para vehículos da clase D (vehículos sen condutor)	143,50
1.7.5	Licenzas para vehículos non incluídos nos grupos anteriores	23,93
1.7.6	Permisos para condutor de automóbiles de alugueiro e demais públicos	13,18
1.7.7	Permiso por expedición tarxeta de armas de 4ª categoría	20,60
1.8	Homologación de empresas privadas dedicadas á recollida e transporte de residuos municipais	
1.8.1	Pola homologación inicial	225,96
1.8.2	Por renovación	169,48
	As empresas que acrediten unha antigüidade no servizo de, polo menos, os cinco anos anteriores á solicitude de homologación, será reducida a súa cota pola aplicación, sobre as tarifas do punto 1.8.1, dun coeficiente do 0,21.	
1.9.1	Pola tramitación de expedientes de deficiencias	103,00
1.9.2	Pola tramitación de expedientes de declaración de ruina	360,50
1.9.3	Pola anotación no Rexistro da Propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custo da nota marxinal nese rexistro	
1.10	Impresos e placas:	
1.10.1	Por cada exemplar do orzamento	17,98

1.10.2	Por cada ordenanza municipal	1,81
1.10.3	Por cada exemplar completo das ordenanzas fiscais	29,83
1.10.4	Exemplar completo do Plan Xeral, en calquera soporte	169,26
1.10.4.1	Normas zonais do Plan Xeral	29,30
1.10.4.2	Planos	78,14
1.10.4.3	Memoria	19,54
1.10.4.4	Catálogo	42,28
1.10.5	Por cada exemplar do rueiro municipal	16,29
1.10.6	Reposición de sinais de vao permanente e outras que subministre o Concello	50,62
1.11	Tarxeta Coruña Millenium	
1.11.1	Pola expedición de cada tarxeta	3,09
1.11.2	Pola expedición de cada tarxeta a empadroados no Concello da Coruña e que se encontren nun colectivo de protección social	0,00
1.11.3	Por reposición por roubo,extravío,deterioro, ou calquera outra causa imputable ao uso inadecuado da tarxeta.	7,21
1.11.4	Por reposición por mal funcionamento ou erros de personalización non atribuíbles ao titular da tarxeta	0,00
	Terán a consideración de colectivo de protección social aqueles así expresamente recollidos na normativa municipal reguladora da tarxeta Millenium, redactadas de conformidade co establecido no artigo 38 da Ordenanza municipal de Transportes (BOP 14/11/1992).	
1.12	Outras tarxetas	
1.12.1	Tarxeta de de circulación con vehículo por rúa peatonal, nominativa e por ano en curso: pola expedición, renovación, reposición por roubo, extravío, deterioro ou calquera outra causa imputable ao uso inadecuado da tarxeta	3,09
1.12.2	Tarxeta de estacionamento reservado a persoas discapacitadas: pola emisión dun duplicado por roubo, extravío, deterioro ou calquera outra causa imputable ao uso inadecuado da tarxeta	3,09
1.13	Por tramitación das certificacións expedidas no Punto de Información Catastral situado nas oficinas municipais	6,37
2	Dereitos de exame:	
2.1	Prazas encadradas no grupo A 1 ou asimilado	24,88
2.2	Prazas do grupo A 2 ou asimilado	19,89
2.3	Prazas do grupo C 1 ou asimilado	14,94
2.4	Prazas do grupo C 2 ou asimilado	9,94
2.5	Prazas de "outras agrupacións profesionais ou asimilado"	5,00
2.6	Dereitos de exame para calquera dos grupos anteriores, para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente.....)	0,00

### 3. Regras complementarias:

3.1 Os dereitos regulados nesta ordenanza son compatibles con calquera outro que poida esixirse por prestación de servizos ou aproveitamentos especiais.

3.2 A pesar do sinalado na regra precedente, non serán obxecto de exacción os epígrafes correspondentes á presentación de instancias e reintegro de licenzas cando se xerasen as taxas reguladas nas ordenanzas de outorgamento de licenzas comunicación previa ou declaracións responsables urbanísticas e aperturas de establecementos, entendéndose incluídas naquelas. Cando por denegación das licenzas solicitadas tivese que procederse á devolución dos depósitos constituídos por aquelas ordenanzas, procederase a liquidar e deducir do importe que hai que devolver a taxa que corresponda á tramitación do expediente, conforme ás tarifas do número 1 deste artigo. No caso das licenzas comunicación previa ou declaracións responsables de apertura, a tarifa graduarase en función dos dereitos que se xerarían se se tivesen outorgado ou formalizado aquelas.

3.3 Non están suxeitas ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza a expedición das certificacións necesarias para a inscrición no Rexistro da Propiedade dos inmobles obxecto de transferencias urbanísticas.

## ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1.Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2.Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2, a xeración da taxa prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provexan a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen a solicitude previa do interesado, pero redunde no seu beneficio

## ARTIGO 8. DECLARACIÓN E INGRESO.

1.A taxa esixírase en réxime de autoliquidación polo procedemento de selo municipal adherido ou impreso mecanicamente ao escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos, se aquel escrito non existise ou a solicitude non fose expresa.

2.As compañías de seguros acreditadas para a obtención telemática de copias de atestados, e sempre que asinasen o convenio correspondente, poderán aboar as liquidacións que lles correspondan nas condicións e periodicidade que se estableza nos convenios aprobados.

3.Os escritos recibidos polos condutos aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente; pero non serán tramitados sen que se corrixa a deficiencia, para cuxo fin será requirido o interesado para que no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes, co apercibimento de que, transcorrido o devandito prazo, a solicitude será arquivada. A mesma norma será de aplicación nos supostos contemplados no número 2 do artigo 2. En todos estes casos esixíranse, ademais, os gastos de correo que se orixinen.

4.Os funcionarios que teñan ao seu cargo a tramitación dos expedientes suxeitos ao pagamento desta taxa non admitirán nin tramitarán ningún documento sen que leve adherido o timbre correspondente, sobre o que se estampará a data para inutilizalo.

As certificacións ou documentos expedidos por petición de xulgados ou tribunais para toda clase de preitos non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a cota correspondente.

## ARTIGO 9. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

## DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 28 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2024 e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.